

VIVEIRO INDUSTRIAL DE EMPRESAS CONCELLO DA LARACHA


PROGRAMA DE ACOLLEMENTO DE EMPRESAS.

O viveiro industrial de empresas do Concello de A Laracha, nace ao abeiro da resolución de concesión da Orde do 27 de decembro de 2017 có principal obxectivo de apoio ao emprendemento das novas actividades de carácter industrial, sendo fundamental para o desenvolvemento do tecido empresarial galego.

O viveiro de empresa será un espazo físico construído para o nacemento de novas empresas de carácter industrial nas cales se ofrecerán as condicións e os servizos precisos para a implantación inicial e a consolidación das empresas por un tempo limitado, será un gran apoio para os novos emprendedores, novos empresarios que nos duros comezos poderán contar con esta gran axuda.

1. Modelo de xestión do viveiro.

De entre os tres posibles modelos de xestión do viveiro de empresa, o Concello da Laracha, considera que polas características do que se proxecta por en marcha, a xestión directa polo concello será a mais axeitada.



Será o concello, quen fará uso para iso dos seus propios medios, e asumirá nas súas contas os resultados da explotación do viveiro.

2. Descrición do viveiro industrial.


A parcela onde se ubica o viveiro de empresas industrial do concello da Laracha, é a definida no Proxecto Sectorial do Parque Empresarial (en adiante P. Sectorial) como EQ-1, sendo a súa referencia catastral 1094302NH3819S0000PW, estando localizada no seu extremo sureste e sendo sensiblemente llana.

A superficie da parcela É de 10.691,00m² E se atopa dentro do Parque empresarial de A Laracha, (Lendo), con una superficie de 825.249,00 m².

A edificación enclávase na zona sur da parcela, na zona mais próxima aos viales de acceso, reservándose a zona norte da parcela para ampliación de naves adicionais, segundo posteriores necesidades municipais e demanda social.

O edificio conta con zonas comúns para o servizo dos emprendedores industriais, cun espazo multiusos e de reunión, unha zona de espazos/postos aberta, e unha zona de naves, dividida en dous independentes con acceso independente propio e que comunica mediante corredor có edificio de servizos comúns, aseos e vestiarios.

Adxacente á parcela existe unha amplía zona de aparcadoiro.



Como servizos xerais atópase un vestíbulo-recepción.


O edificio ofrece ao exterior dous caras que responden ao seu uso. A zona de servizos comúns sepárase do bloque de locais cun uso máis industrial ou de almacenamento.

A principal característica a destacar da edificación é a posibilidade do seu uso independente de cada zona. O edificio proxectado consta de dous partes diferenciadas xeometricamente que pretenden ser dous pezas independentes en funcionamento, pero unidas:

- Unha parte, destinada a naves de uso industrial, taller artesanal ou similares, principalmente opaca, onde se ubican as 2 naves.
- A outra parte do edificio, destinada a oficinas/postos, servizos xerais, vestíbulo recepción, unha sala de reunión-multiusos.

Os usos do viveiro de empresas se distribúen en función das seguintes superficies:

A edificación, de 575,86m² construídos e 538,80m² útiles, dos cales 299,34m² se dedicarán a naves e 239,46m² a servizos comúns auxiliares.



Superficies zonas de traballo:

Nave-local 1: 149,67 m²

Nave-local 2: 149,67 m²

Sala reuniónes-multiusos: 39,55 m²

Zonas de postos:

8 postos: 6,55 m²

Vestíbulo-recepción: 38,09 m²

Aseos, vestiarios


3. Relación dos servizos comúns que se prestarán.

O Viveiro de Empresas é unha estrutura de acollida temporal pensada para ubicar a empresas nos seus primeiros pasos no mercado laboral, facendo un acompañamento e prestación de servizos comúns adaptados ás necesidades de cada novo emprendedor ou nova empresa.

Constitúe polo tanto un espazo físico que, combinan disposición de locais y prestación de servizos comúns para as empresas que se instalen no viveiro.

As novas empresas que se implanten no viveiro poderán facer uso dos servizos municipais públicos. Ademais contarán con persoal de administración-recepción.

Coa creación do viveiro de empresa industrial do Concello da Laracha, preténdese dar servizo aos emprendedores industriais que podan precisar un espazo amplo para os seus primeiros pasos, pero tamén para os que precisan un espazo físico reducido pero con tódolos servizos común precisos para lograr o éxito empresarial. Por iso, o Concello da Laracha ofrece dúas naves diáfanas con acceso independente e un espazo tipo “coworking” con 8 postos independentes, con mobiliario propio, servizo de internet, telefonía, servizo de recepción, sala de reunión.



Denominamos e creamos zona/postos tipo coworking, porque o Concello comprométese co emprendemento, e sabe da dificultade dos primeiros pasos; en cada cidade se están a abrir novos espazos coworking, e porque non dar un servizo deste tipo? Este espazo poderá ser compartido por profesionais autónomos, teletraballadores, empresarios cun denominador común: requisito imprescindible carácter industrial, segundo as empresas indicadas no artigo 3 do Decreto 37/2015 de 12 de marzo, polo que se establece o Regulamento do Rexistro Industrial de Galicia. Estes profesionais, cada vez mais, unicamente precisan un espazo físico reducido; aquí recibirán unha infraestrutura complementaria: mobiliario propio, teléfono propio, conexión telefónica, conexión internet, servizo de recepción, sala reunión.

4. Normas de uso dos espazos cedidos a cada empresa e dos espazos comúns.

As normas de uso dos espazos cedidos ás empresas e dos usos comúns se aprobarán definitivamente mediante a correspondente ordenanza reguladora; sendo importante fixar unhas obrigas dos beneficiarios, entre elas deberá tratarse:

A obrigación de iniciar as actividades no prazo que se estipule dende a data de outorgamento do contrato.

Satisfacer as cotas obrigatorias ante a Seguridade Social, facenda e demais gravames vinculados coa actividade empresarial.


Satisfacer as costas derivadas de usos, consumos e subministros propios.

Poñer a disposición do Concello, canta documentación sexa requirida para verificación do nivel de consolidación que vaia adquirindo a empresa.

Devolución das instalacións ao remate do contrato nas condicións que o recibiu.

Instalar e manter con medio propios equipamentos necesarios e especiais para a actividade. Subscribir unha póliza de responsabilidade civil e terceiros.

Comunicar ao concello calquera variación da forma xurídica da empresa.



Na mesma ordenanza se aprobaran normas de uso, accesos ao viveiro, limpeza de zonas comúns, responsabilidade, tratamento de residuos, almacenaxe, prohibicións e limitacións, infraccións e o seu tratamento.

5. Cotas.

As cotas de uso do viveiro de empresa, estableceranse na ordenanza sinalada no artigo anterior. No momento da publicación desta convocatoria, atópase en estado borrador, quedando definitivamente aprobada antes da asignación definitiva das empresas acollidas.

Se ben, preténdese fixar unha cotas baixas para facilitar a instalación dos novos emprendedores sendo as seguintes cotas referentes:

Nave 1: 300 euros/mes.

Nave 2: 300 euros/mes.


Zona postos (coworking): 60 euros/mes.

É **IMPORTANTE** subliñar que as cotas inclúen:

- teléfono fija con línea de conexión, acceso a Internet y correo electrónico (limitado).
- servicio de limpieza semanal das zonas comúns e da zona de postos (coworking).
- seguro, alarma vigilancia.
- Uso gratuito de zonas comunes previa reserva (sala de reunión-usos múltiples).
- O servizo de recepción, telefonista.

6. Duración do acollemento.

A duración do acollemento tamén será fixado no ordenanza, as empresas poderán estar acollidas no viveiro industrial por un período máximo de doce (12) meses, prorrogable por outros seis (6) máis logo de acordo por escrito do xestor do viveiro e da empresa.




7. Descripción dos requisitos para ser acollido no viveiro.

As empresas deben ter domicilio social e fiscal no Concello da Laracha, deberán presentar un proxecto que avale a súa viabilidade económica e técnica, deberán estar constituídas nun máximo de 6 meses antes da solicitude de acollemento ou poderán constituírse no prazo máximo de 3 meses dende a resolución de acollemento.

As empresas que se instalen deben ter como requisito imprescindible carácter industrial segundo as indicadas no artigo 3 do DECRETO 37/2015, de 12 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Industrial de Galicia.

“1. El Rexistro Industrial de Galicia comprenderá las seguintes industrias y actividades con establecimiento en el ámbito territorial de la Comunidad Autónoma de Galicia o instalaciones:

- a) Las actividades dirigidas a la obtención, reparación, mantenimiento, transformación o reutilización de productos industriales, el envasado y embalaje y el aprovechamiento, recuperación y eliminación de residuos o subproductos, cualquier que sea la naturaleza de los recursos y procesos técnicos utilizados y, en su caso, las instalaciones que estas precisen.*
- b) Las actividades de generación, distribución y suministro de energía y productos energéticos.*
- c) Las actividades de investigación, aprovechamiento y beneficio de los yacimientos minerales y demás recursos geológicos, cualquiera que sea su origen y estado físico.*
- d) Las instalaciones nucleares y radiactivas.*
- e) Las industrias de fabricación de armas y explosivos y las que se declaren de interés para la defensa.*
- f) Las industrias alimentarias, agrarias, pecuarias, forestales y pesqueras.*
- g) Las actividades industriales relacionadas con el transporte y las telecomunicaciones.*
- h) Las actividades industriales relativas al medicamento y a la sanidad.*
- i) Las actividades industriales relativas al fomento de la cultura.*



2. Asimismo, el Registro Industrial de Galicia comprenderá las siguientes empresas de servicios y entidades o agentes en materia de seguridad y calidad industrial con domicilio social en el ámbito territorial de la Comunidad Autónoma de Galicia:

a) Los servicios de ingeniería, diseño, consultoría tecnológica y asistencia técnica de carácter industrial directamente relacionados con las industrias y actividades indicadas en el apartado 1 de este artículo.

b) Las entidades de acreditación, organismos de control, laboratorios y otros agentes en materia de seguridad y calidad industrial”.

Ademais poderán ser beneficiarios:

As empresas sinaladas no artigo 3, do paragrafo anterior de recente creación:


- Empresas que se constitúan legalmente no prazo máximo que estableza o regulamento de funcionamento do viveiro.
- Non desenvolver actividades nocivas, insalubres ou perigosas.
- VIABILIDADE ECONÓMICA do proxecto.
-

8. Procedemento de selección de empresas para ser acollidas no viveiro industrial.

O Concello da Laracha convoca mediante o Programa de Acollemento de empresas con prazo de inicio unha vez sexa publicado o presente Programa na Web do Concello. Quedando pendente a aprobación definitiva da ordenanza reguladora das cotas e do funcionamento. O procedemento de selección de empresas quedará aberto ata o 20 de abril de 2020.

Os criterios que serán fixados **serán exclusivamente obxectivos** e basearanse en:

- VIABILIDADE da iniciativa empresarial.
- NÚMERO DE EMPLEOS previstos.
- MEDIOS financeiros e materiais.
- FORMACIÓN dos solicitantes



- CARÁCTER innovador, tecnolóxico e de desenvolvemento do proxecto.

9. Presentación de solicitudes.

A presentación de solicitudes, se poderá presentar no rexistro municipal do Concello, ou Sede Electrónica do Concello da Laracha, aportando a seguinte documentación:

- Impreso xeral do concello (Indicando “SOLICITUDE ACOLLEMENTO VIVIEIRO DE EMPRESA”).

- Memoria que describirá o proxecto empresarial, mercado ao que vai dirixido, produto e tecnoloxía, referencia ao equipo emprendedor, VIABILIDADE da iniciativa empresarial, NÚMERO DE EMPLEOS previstos, MEDIOS financeiros e materiais, FORMACIÓN dos solicitantes, CARÁCTER innovador, tecnolóxico e de desenvolvemento do proxecto.

